



**Expediente núm.:** 1219/2022

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020

**Obra/servizo subvencionado:** Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022

**Subcarpeta:** Ampliación convocatoria para a cobertura de efectivos de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022

### RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Contratación de aspirantes que superaron o proceso de Selección de persoal laboral temporal ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022 (2ª brigada)" (Peón condutor)

#### ANTECEDENTES

1. Visto o expediente tramitado para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun/ha (1) peón condutor para a obra / servizo "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022", cuxas bases foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria, de data 17 de xuño de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de xuño de 2022.

2. Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

3. Vista a Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0584 de data 19.07.2022, que copiado literalmente di:

*"Cuarto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal no Concello do pereiro de Aguiar, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria, de data 17 de xuño de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de xuño de 2022:*

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GAL EGO	PROBA GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	PROBA COÑECEMENTOS	PROBA PRÁCTICA	TOTAL PUNTOS
1	Gómez Martínez, Javier	5467	NON	APTO	1,80	0,00	6,60	APTO	8,40
2	Bermúdez Cachaldora, Antonio Alejandro	9339	SI	-	1,60	0,00	6,00	APTO	7,60

4. Visto que o artigo 12 das ditas bases de selección establece literalmente o seguinte:





# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

"No suposto de que a este Concello se lle concedera outra/s Brigada/s de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022, composta de cinco membros:

- 1 Xefe de Brigada
- 3 Peóns de Brigada
- 1 Peón - Conductor con carné de conducir clase B

A cobertura do persoal de dita/s Brigada/s realizarase co/s aspirante/s que figuren na listaxe de reserva que se estableza ao remate do presente proceso selectivo.

Unicamente se procederá a convocar un novo proceso selectivo para a cobertura de efectivos de sucesivas Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022 no caso de esgotar a antedita listaxe de reserva."

5. Visto que con data 26 de xullo de 2022 este Concello asinou a modificación do Convenio interadministrativo coa Consellería do Medio Rural para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, polo que se concede unha 2ª Brigada municipal de 5 compoñentes durante un prazo de 3 meses.
6. Visto o informe emitido pola empresa Ibersys. Seguridade e saúde laboral, S.L. sobre os resultados finais da proba física de esforzo e o recoñecemento médico dos/as aspirantes propostos polo noso Concello.
7. Visto o certificado de formación emitido polo Enxeñeiro Técnico Forestal e Enxeñeiro de Montes, Diego Cudeiro Fernández, DNI 44476178C e colexiado número 6268, acreditando a asistencia ó Curso de formación en seguridade e extinción de incendios forestais dos/as aspirantes propostos polo noso Concello.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

## RESOLVO

**Primeiro.-** Aceptar a renuncia ó chamamento efectuado para a cobertura dun/ha (1) praza de peón conductor para a obra / servizo "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022 (2ª brigada)", pola orde da quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0584 de data 19.07.2022, do/a seguinte aspirante:

	APELIDO S E NOME	DNI	EXENT O GALEG O	PROBA GALEG O	EXPERIENCIA PROFESIONA L	FORMACIÓ N	PROBA COÑECEMENTO S	PROBA PRÁCTIC A	TOTAL PUNTO S
1	Gómez Martínez, Javier	6467	NON	APTO	1,80	0,00	6,60	APTO	8,40

**Segundo.-** Contratar ó/á seguinte aspirante proposto polo Tribunal cualificador, e que superou as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun/ha (1) peón conductor para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022 (2ª brigada)", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	DNI	EXE NTO	PROB A	EXPER IENCIA	FORM ACIÓ N	PROBA COÑECEM	PROBA PRÁCTICA	TOTAL PUNTOS
--------------------	-----	------------	-----------	-----------------	-------------------	------------------	-------------------	-----------------

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

DECRETO  
 Número: 2022-0022  
 Data: 22/08/2022





**CONCELLO  
O PEREIRO DE AGUIAR**

		GAL EGO	GALEG O	PROFE SIONA L		ENTOS		
Bermúdez Cachaldora, Antonio Alejandro	19339	SI	-	1,60	0,00	6,00	APTO	7,60

**Terceiro.-** Contratar ó/á antedito/a aspirante para o período comprendido entre o 23 de agosto de 2022 e o 22 de novembro de 2022, para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022 (2ª brigada)" ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O), na categoría profesional de "peón condutor", cos seguintes custos salariais:

PERSOAL BRIGADA INCENDIOS	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)
Peón condutor	V	100,00%	1.348,85

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

**Cuarto.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada que resulte necesario para a execución de programas de carácter temporal cuxo financiamento proveña de fondos da Unión Europea (D.A.5ª do Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo), co período de proba legalmente establecido e en réxime de dedicación a tempo completo.

**Quinto.-** Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

**Sexto.-** Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

**Sétimo.-** Informar de que a quenda de reserva queda esgotada conforme ao disposto nas Bases de selección (artigo 12).

**Oitavo.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Noveno.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Décimo.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido





# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**DECRETO**  
Número: 2022-0022  
Data: 22/08/2022



Cod. Validación: 55ESZAXEY5ZRYWGGQF52Z5QN3 | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4